



Concello de Mugaros
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ALCALDÍA DO CONCELLO DE MUGARDOS OU XUNTA DE GOBERNO LOCAL CANDO ESTA ACTÚE POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

1.- A disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece:

“A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutras que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”

2.- O artigo 326.1 establece os procedementos nos que o Órgano de contratación debe estar asistido por unha Mesa de contratación.


Tendo en conta que, aínda que o artigo 326.1 en relación co 159.6 respecto do procedemento simplifícadísimo, establece que é potestativa a constitución da Mesa, considerase adecuado a intervención da Mesa de Contratación neste procedemento.

3.- Tendo en conta a información transmitida dende o departamento de informática da Deputación Provincial de A Coruña, no sentido de que a “Plataforma de Contratación do Sector Público” ten unha limitación técnica no sentido de que os membros da mesa de contratación que ostenten o cargo de secretario/a da mesma no podería ocupar ningún posto de vocal, nin tan sequera nos supostos de ausencia dos/as vogais titulares.

E tra-lo cambio de Alcaldía, en virtude do acordo plenario do 10 de decembro de 2019, procede designar a Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación Alcaldía do Concello de Mugaros, ou do

Avda. de Galicia, 45. Tfnos. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugaros
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugaros.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

órgano de contratación Xunta de Goberno Local do Concello de Mugardos cando esta actúe por delegación da Alcaldía segundo a normativa vixente, pola presente **RESOLVO**:

1.- Establecer a composición da Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación Alcaldía do Concello de Mugardos, ou do órgano de contratación Xunta de Goberno Local do Concello de Mugardos cando esta actúe por delegación da Alcaldía segundo a normativa vixente, respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- aberto
- aberto simplificado
- aberto simplificadisimo do artigo 159.6
- restrinxido
- diálogo competitivo
- licitación con negociación
- asociación para a innovación
- procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

De maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación Alcaldía do Concello de Mugardos, ou do órgano de contratación Xunta de Goberno Local do Concello de Mugardos cando esta actúe por delegación da Alcaldía segundo a normativa vixente, queda integrada polas seguintes persoas:

PRESIDENTE/A: Juan Domingo de Deus Fonticoba.

1ª Suplente: Begoña Roldós Iglesias.

2º Suplente: José Miguel Mahía Prados

VOGAIS:

- O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.
- O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.
- O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

SECRETARIO/A: Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Rosa Hermida Rodríguez.

2.- Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

3.- Publicar ademais, para dar maior difusión, a composición da Mesa de contratación no Boletín Oficial de la Provincia.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).